

MESA SECTORIAL

2. Rogos e preguntas

- Prazo de restrición de zona : segue a estar colgado na web o prazo do curso pasado, débese modificar para evitar confusións.
- Oposicións. Vólvense a detectar erros na interpretación que están a dar os tribunais na aplicación do baremo da fase de concurso. CCOO volve a incidir en que os tribunais non son os que deben baremar a mesma.
- Solicitamos novamente a integración das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego.
- Asignación de módulos comúns da FP Básica ao profesorado das especialidades propias da FP do CIFP. Estase a vulnerar a normativa básica do Estado e a normativa propia da FP Básica. Estas materias teñen que asignarse ao profesorado do corpo de secundaria con atribución docente nalgunha das especialidades que abranguen o ámbito, feito aínda máis excepcional cando o ámbito lingüístico se pretende asignar ao profesorado de FOL. Esiximos a aplicación da normativa nestes casos e que estas prazas se oferten ao profesorado que lle corresponde tendo en conta o RD de Especialidades e a súa modificación no ano 2015 (RD 665/2015).
- Denunciamos a situación creada coa orde de asesores do CFR, que modificou a súa redacción en dúas ocasións cunha corrección de erros da corrección de erros cando os items que foron obxecto da corrección xa foran tratados na Mesa Sectorial. Outra mostra máis da precipitación e o descontrol que existiu este ano nas diversas convocatorias realizadas pola Consellería.
- Esiximos o desenvolvemento no eido educativo da Lei 2/2014 de non discriminación de LGTBI de Galicia, establecendo elementos de actuación, formación e protocolos concretos contra a LGBTIQ+fobia e que isto non se quede nunha mera declaración de intencións tal e como está a pasar na actualidade, na que a visibilidade do colectivo LGTBIQ+ nos diversos currículos e na organización escolar quédase en meramente testimonial.
- Expresamos a nosa queixa pola forma de publicación do Calendario Escolar, sen permitir ás organizacións sindicais realizar as alegacións á mesma.
- Solicitamos a convocatoria da Comisión de seguemento do Acordo de Interinos para valorar a confección das listas de contratación despois de rematado o procedemento selectivo.
- Esiximos se garanta o dereito do profesorado provisional a que a elección de horarios se faga cando todo o profesorado estea no centro.
- Preguntamos pola situación das reclamacións á resolución do CXT do profesorado que provén de fora da comunidade. **Contestan que estas están en trámite, e que son 1 en primaria e 9 en secundaria.**